



## Resolución de concesión de axuda

---

CONVOCATORIA 2025 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS ABERTAS), PROMOVIDAS POR GRANDES EMPRESAS GALEGAS

### 1. Antecedentes:

Por Resolución do 6 de agosto de 2025 (DOG nº 160, do 22 de agosto), publicáronse as bases reguladoras das axudas ao investimento para infraestruturas locais (Programa Infraestruturas estratéxicas abertas), promovidas por grandes empresas galegas, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2025 en réxime de concorrencia competitiva.

Para a avaliación das 3 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 12.3 das bases reguladoras da axuda:

a) Interese para o tecido empresarial de Galicia da infraestrutura: 30 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

- i. Grao de necesidade da infraestrutura baseado nos servizos ofertados, na inexistencia previa no territorio de infraestruturas competidoras e non interferencia con iniciativa privada local: ata 10 puntos.
- ii. Dimensión económica da Sociedade promotora da infraestrutura, así como das entidades usuarias ou interesadas no proxecto que establezan claramente o seu interese mediante as correspondentes cartas de adhesión motivadas: ata 8 puntos.
- iii. Vantaxes medioambientais, de existiren: ata 6 puntos.
- iv. Grao de innovación tecnolóxica da infraestrutura: ata 6 puntos.

b) Achegas públicas ou privadas ao proxecto: 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas asignando maior puntuación ás solicitudes cuxas achegas sexan máis importantes cualitativa ou cuantitativamente.

c) Plan de explotación e modelo de xestión: 30 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

- i. Sustentabilidade, coherencia, concreción do plan de negocio presentado, obxectivos do proxecto e xustificación en base aos mesmos da necesidade das partidas económicas consignadas: ata 10 puntos.
- ii. Sistema de acceso para terceiros, marco de admisión, regulación e tarificación, limitacións, contraprestacións e outras características, primando aquelas que supoñan un maior beneficio para os usuarios da infraestrutura: ata 10 puntos.
- iii. Período de amortización dos investimentos para os que se solicite axuda, primando aqueles que teñan un baixo período de amortización: ata 6 puntos.
- iv. Compromisos de contratación de persoas con discapacidade ou diversidade funcional máis aló dos mínimos establecidos: ata 4 puntos.

d) Impacto do plan de actividades asociado á infraestrutura: 20 puntos, que se avaliará de xeito comparativo entre as solicitudes presentadas tendo en conta os seguintes parámetros:

- i. Actividades de formación, difusión e dinamización do tecido económico propostas: ata 10 puntos.
- ii. Actividades de fomento da internacionalización e innovación: ata 5 puntos.
- iii. Actividades de atracción de talento e fomento do emprendemento e outras similares: ata 5 puntos.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 3 proxectos presentados dentro do prazo establecido e tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada



unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS ABERTAS), PROMOVIDOS POR GRANDES EMPRESAS GALEGAS, con data 05/12/2025.

## 2. Resolvo:

**Primeiro.** Aprobar a concesión das subvencións aos 3 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de **3.983.216,77 €** euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

**Segundo.** Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos.

**Terceiro.** Anunciar a publicación do texto completo da resolución definitiva de data 31 de xullo de 2025 de concesión das axudas ás agrupacións empresariais (clústeres) innovadoras na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, (código de procedemento IG410A) no enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas> y <https://spiga-sed.igape.es>.

O texto completo non se publica no DOG na súa integridade en virtude da cautela prevista no artigo 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que as persoas interesadas accedan á oficina virtual do Igape, no enderezo <https://spiga-sede.igape.es/publicaciones>, utilizando o seu NIF, para descargar a súa resolución individual. Transcorrido o devandito prazo desde a posta a disposición da resolución individual sen que se acceda ao seu contido entenderase rexeitada.

## 3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
A directora xeral do Igape	Covadonga Toca Carús	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina



## ANEXO I

### Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2025 DAS AXUDAS AO INVESTIMENTO PARA INFRAESTRUTURAS LOCAIS (PROGRAMA INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS ABERTAS), PROMOVIDAS POR GRANDES EMPRESAS GALEGAS

Expediente núm.	Titular	Título do proyecto	Puntu ación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionabl e	Beneficio de explotación	Subvención segundo plan de negocio	% de subvenci ón
IG274.2025.1.1	ALÉN SPACE, S.L.	INCATER - INVESTIMENTO EN CÁMARA DE TERMOBALEIRO	45	01/10/2027	01/10/2027	327.000,00	123.066,05 €	122.360,37 €	37,4 %
IG274.2020.1.2	ORANGE ESPAGNE, S.A.	ORANGE AI4B: INTELIXENCIA ARTIFICIAL PARA EMPRESAS	75	01/10/2027	01/10/2027	2.268.094,00	0,00 €	1.360.856,40 €	60%
IG274.2020.1.3	REAL CLUB CELTA VIGO, SAD	CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA NO DEPORTE CELTA 360	77	01/10/2027	01/10/2027	6.868.203,26*	2.701.536,59 €	2.500.000,00 €	36,40%

**TOTAL:**

**3.983.216,77**

(\*) A base subvencionable foi axustada exclusivamente para efectos de cálculo da intensidade da axuda, co fin de aplicar correctamente o límite máximo de 2.500.000 €, evitando a obrigatoriedade de imputar o investimento total inicialmente previsto conforme ao artigo 6 das bases reguladoras.